

ECONOMÍA. MERCADO LABORAL

ACTIVIDADE 1. AS DIFERENZAS DE XÉNERO

Obxectivos:

- ◆ Coñecer cal é a situación da muller en relación co mundo laboral.
- ◆ Abordar o estudo de como evoluciona a incorporación da muller ao mercado laboral.
- ◆ Comprobar se a muller ten máis dificultades que o home á hora de atopar un traballo.
- ◆ Estudar as diferenzas que existen entre os sectores nos que traballan homes e mulleres.
- ◆ Coñecer as clases de inactividade máis habituais segundo o xénero.
- ◆ Analizar as diferenzas salariais entre homes e mulleres.

Coñecementos previos necesarios:

- ◆ Saber calcular porcentaxes e taxas de variación relativas.
- ◆ Saber elaborar e interpretar gráficas.

Cuestións a resolver:

- 1) Na seguinte táboa móstrase a clasificación da poboación galega en idade laboral segundo o sexo e a relación coa actividade económica para o ano 2020 (miles de persoas):

	Homes	Mulleres
Total	1.118,3	1.220,7
Activos	638,5	582,4
Poboación ocupada	569,0	505,3
Poboación parada	69,5	77,2
Inactivos	479,8	638,2

A partir desta táboa tes que completar a seguinte táboa coas taxas de actividade, ocupación e paro por sexo para o ano 2020:

	Homes	Mulleres
Taxa de actividade	%	%
Taxa de ocupación	%	%
Taxa de paro	%	%

2) A partir dos enlaces facilitados na páxina web obtén para o último ano dispoñible:

Ano

- a. Taxa de actividade: Homes% Mulleres%
- b. Taxa de ocupación: Homes% Mulleres%
- c. Taxa de paro: Homes% Mulleres%

3) Comenta brevemente o cambio experimentado pola taxa de actividade masculina e feminina desde o ano 2000 ata o ano 2020.

.....

.....

.....

4) A partir da táboa de poboación ocupada en Galicia segundo o sexo e o sector de actividade do ano 2020:

	Homes	Mulleres
Total	569,0	505,3
Agricultura e pesca	45,7	23,4
Industria	131,1	51,2
Construción	68,6	6,4
Servizos	323,5	424,2

Podes completar o seguinte cadro coa distribución da poboación ocupada segundo o sexo e o sector de actividade:


	Homes	Mulleres
Agricultura e pesca	%	%
Industria	%	%
Construción	%	%
Servizos	%	%

- 5) Na seguinte táboa móstrase a distribución da poboación inactiva de Galicia segundo o sexo e a clase de inactividade para o ano 2020.


	Homes	Mulleres
Total	479,8	638,2
Estudantes	78,6	85,5
Retirados, xubilados e pensionistas	308,7	324,9
Labores da casa	32,0	179,9
Outros	52,0	44,0
Non sabe. Non refire estado de inactividade	8,5	4,0

A Partir dos datos anteriores completa as seguintes gráficas de sectores coa distribución da poboación inactiva segundo a clase de inactividade:

Homes



Mulleres



6) ¿En que sector económico existen maiores diferenzas salariais entre homes e mulleres?